

# ALENTO

BOLETÍN DE ESTUDOS POLÍTECOS

## CONTÉN:

Primeiras verbas.

Galiza nun libro catalán.

Nacionalismo galego. - *Vicente Risco.*

Poliorama da Triple Alianza. - *F. F. del Riego.*

Cataluña e a lei de cultivos.

Diario dunha viaxe de nazionalistas: Galeuzca.

*A. das Casas.*

**1 e 2**

**Xullo**

**Agosto**

**1934**

RG 1/1

# ACADEMIA XELMÍREZ

Colexio Residenza

Gonga, 9 e Xelmírez, 11 - Teléf. 1236 - Apartado 20

SANTIAGO

Profesorado Tiduado

Todal-as habitazóns da residencia están no colexio e teñen luz direita, auga corrente e timbres eléctricos, coartos de baño e duchas.

Bibrioteca, gabinete de Física, laboradorio de Químecca.

Seizón de deportes.

---

---

## F. Barreiro Salaño

Périto Agrícola

Campo do Gayo, 14 - SANTIAGO

---

---

## Xohan Xesús González

ABOGADO

Matriculado nas Audenzas da Cruña e Pontevedra

RUA NOVA núm. 46 - 1.º

SANTIAGO

1. Page Pandal - Gupre

Recomendamos o

## Hotel Suizo

Restaurant

Fundado no 1877

Calefaizón central. Excelente cociña. Mañífico salón comedor ::

Cardenal Payá, 18  
:: Santiago

---

---

## Librerías Porto

*Libros de Texto  
pra total-as Facultades  
i-Escolas Especiás.*

*Libros de Consulta, Estudos e Recreo.*

*Bibrioteca de utilidade práctica.*

PRAZA DE CERVANTES, 12

Teléfono 1223

RUA DO VILLAR, 16

Teléfono 1123

Apartado de Correos, 9

SANTIAGO DE COMPOSTELA

# ALENTO

BOLETÍN  
DE ESTUDOS  
POLÍTECOS

N.ºs 1 E 2 - XULLO E AGOSTO DO 1934

REDAIZÓN: CASAS BARATAS, 18, DEREITA, SANTIAGO

*Unha vegada máis, irmáns, nesta pequena revista imos a buscarvos: aos que traballades dentro dos lindeiros de Pátrea e aos que andades espaxados por eses camiños do mundo fora, aos que tendes fé nos nosos destíños e aos que, por non ter aínda cismado dabondo na sagra mañitude da nosa nazonalidade, andades un pouco escarriados cobizosos de fitos e arelantes de doitriña.*

*Faguemos ALENTO no inquérito de ir percisando a máis limpa e rexa ortodoxia nazonalista, nestes tempos tristes de vacilazóns e de dúbidas. Dito está que nos emprazamos ao marxen dos partidos e que quixéramos ficar sempre enriba dos partidos.*

*Nesta loita impracabre entre as antigas ideas democráticas e as novas conceizóns tiránicas do Estado, nosa xuventude desváise allea, aínda en boa parte, aos fondos e inmordeiros imperativos do noso sangue galego. Veleiquí a nosa máisima preocupazón. Porque nós quixéramos pra a nosa mocidade un soio tema de meditazón: Galiza. E a través de Galiza o milloramento da vida en todol-os hemisferios, o enriquecemento de total-as culturas, a consagrazón da verdade en total-as línguas, unha verdadeira e fonda fraternidade entre todol-os homes do mundo.*

*Nosa revista cobiza sere o eisponente da realidade galega, cunha fórmula primordial de salvamento: Galiza pobo, nazón, individualidade étnica, persoalidade inconfundible no decorrer da Histórea, ceibe e garantida na súa liberdade, soberán dos seus destíños, dona de sí, en capacidade prena de autodeterminazón.*

*En ALENTO imos espôr nosas arelas un fato de patriotas que, nesta nova liña de loita, cobizamos a liberdade do noso pobo.*

## GALIZA NUN LIBRO CATALÁN

Foix e Carbonell, dous estimabres escritores de alén do Ebro, puxeron na rúa estes días un libro de verdadeiro intrés: *Revolució catalanista*. Un dos capíduos —*Política exterior de Catalunya*— é unha das ponzas apresentadas pol-o noso amigo Josep Carbonell na primeira xuntanza de *Unió Democrática*, de 4 nadal 1932. Adiantemos que se trata dun amigo adicadísimo do noso país e do partido máis cordial e lealmente compresivo pra os nosos probremas.

Preocupa ao ilustre políteco a idea de garantir a liberdade de Catalunya que xulga sempre en perigo co-a sua Xeneralidade isolada fronte a un estado forte e compaito, e por outra parte non quer ollar a sua pátreia mediatizada por unha potencia eistranxeira como «Portugal pódese considerar intervido por Englaterra»; non gosta ollar a Catalunya nunha liberdade pasiva, sinón aituando «en pé de guerra» ao menos hastra a reintegrazón das antigas terras cataláns, e procura como millor soluzón un troque efeitivo na eistrutura do estado hespañol que poña en camiño as difrentes nazóns peninsuares enfiadas á constituzón doutros tantos estados, ceibes mais xuntos en intreses económecos e polítecocomúns: unha supereistrutura confederal. Con sinxeleza que o enleva decrara confiar na hexemonía catalán drento desta confederazón.

Non discutimos en col destas ideas nen xulgamos do alento imperealista dos nosos amigos do Mediterrán ollado dende fai tempo e, pra nós, tan condenabre coma o imperealismo castelán. Endexamáis nos poríamos dacordo. Mais pra decatarnos unha vegada máis do conceito que, dos Pirineus embaixo, se ten de nós, ainda cando se trata de tan bons amigos e supostos aliados, sinalamos as bases que Carbonell percisa pra eistruturar a confederazón. Catro grandes

núcleos nacionás —dí— «ou cinco, según como se resolverse o problema galego-portugués: Cataluña, Euzkadi, Hespaña (León, as Castelas, Eistremadura, Canarias, Asturias e Andalucía co Rif e Yebala) e Galiza, susceptible de incorporazón autónoma a Portugal».

Noso país unha vegada máis, agora hastra pra os nosos millores amigos cataláns, é a terra incapaz de funzón e recoñecimento estatal que, cando máis, non pode pasar de goberno autónomo, en xogo de dependenzas agora da Hespaña, logo de Cataluña e máis tarde do estado portugués. Son estes os termos de axuda en que Cataluña pode e quere contribuir á nosa liberazón?

Galiza axunta total-as características dunha perfecta nazonalidade: raza, língoa, persoalidade xeográfica, unidade de cultura, continuidade histórica, economía diferenciada, etc. Galiza é unha posibilidade de estado, con medios propios de defensa e garantías suficientes de supervivencia; cunha órbita natural de expansión e un roteiro —que a nosa História precisa— de relacións exteriores.

Fique constatada nosa estima fondísima aos irmáns portugueses, mais fique craro tamén que nós, sin cobizar hexemonías nen afundirnos en ensoños imperealistas que non van co noso ser, máis humanos, máis fraternos, arelamos pra o posible estado galego os lindeiros xustos da nosa nazonalidade que si nos mete un pouco en Portugal —a Galiza bracarense doutroa— non é nen nos marzens do actual estado veciño —artificiaes tamén— nen menos cunha carta de autonomía que nen a apetecemos, nen nos enche, nen nos basta.

# NACIONALISMO GALEGO

## I

### PRIMEIRAS DEFINIÇÕES

A nosa doutriña chámase *nacionalismo galego*, porque repousa no convencimento de que Galiza é unha nación, e no lóxico conseqüente de que, sendo unha nación, ten todol-os dereitos inherentes á súa esencia nacional.

Outrora, no tempo dos Precursores, chamouse *regionalismo*, o qual semella de menor alcance ideolóxico e de máis moderada arela políteca. Mais debemos advertir que o regionalismo dos Precursores, e o nacionalismo das geracións actuais, non discordan un do outro máis que no nome; quereuse dicir: que os Precursores entendían baixo da verba regionalismo esencialmente a mesma cousa que nós baixo da verba nacionalismo, coma pode verse lendo a riola d' artigos que en col do asunto escribiu Murguía en 1897, respondendo a Sánchez Moguel.

Tamén leva a nosa doutriña o nome de *galeguismo*, porque, querendo ser unha cousa esencialmente nosa e somentes nosa, apela ás esenciais engebres, á tradición galega incontamiñada. Co-esta verba queremos indicar que o nacionalismo galego non ha ser unha traducción, unha versión en língoa e pensamento galego de ningún outro nacionalismo. Non ha de remedar ao nacionalismo catalán, nen ao basco, nen ao provenzal, nen ao alsacián, nen ao bretón, nen ao flamengo, nen ao irlandés, nen ao galés, nen ao escocés, nen a ningún outro. O nacionalismo galego non quer ser un empréstimo, nen unha asculturación, nen un profillamento de nada alleo, senón que ha vivir da sustancia propia de seu.

Por afora tense por forza que asemellar a todos ises outros movementos nacionalistas, do mesmo senso reivindicador e defensivo, no que teñen todos iles de común, ha sentir por iles simpatía e solidaridade, e aínda ha recibir diles eixemplos e estímulos. Mais por

adentro, no pulo espiritual que o move, na arela fonda que o guía, ha ser cousa totalmente difrente de calquera d' iles, engebre e escrusivamente galego.

Ténsenos alcumado por presentarmos o nacionalismo galego coma unha doutrina, en forma de teoría. Ténsenos dito que todo nacionalismo radica n-un sentimento, i é diante de nada, e sigue sendo sempre un sentimento. Isto non se pode negar: sen ise sentimento d'apaixoado amor ao que é de un, sen o que chamamos *patriotismo*, non hai movemento nacionalista posibele. Mais pouco val o sentimento cando se non concreta n-un fito, e de qu' o fito se fixese, já se formula coma teoría. Pol-o tanto a ise argumento debemos responder que o nacionalismo galego é algo máis que un sentimento e que unha doutrina: é unha *convicción*, unha *fé*, e tampouco sómentes unha convicción, mais unha *vontade*.

O nacionalismo galego é unha vontade d'afirmación da persoalidade nacional de Galiza en todol-os ordes, de reivindicación e de liberación d'esa persoalidade, no interior e no exterior.

O nacionalismo galego é sempre *afirmativo* e nunca negativo. É sempre unha convicción, unha vontade, un amor, unha *devoción* e nunca un odio. Afirmos os valores galegos *frente* e non *contra* os valores alleos que se lle queren sobrepôr, n-iste caso, os de Castela. O nacionalismo galego non nega os valores casteláns; afirmaos, e aínda os admira, mais non coma *proprios*, senón coma *alleos*, coma estranos. O nacionalismo galego non odia, non pode odiar a Castela, na que ten que ver outra nación cos mesmos dereitos e o mesmo valor que Galiza; sómentes que non s' identifica co-ela, non recoñece a Galiza formando parte d' ela, senón que afirma a unha e a outra coma *difrentes*, coma inidentificábeles.

Tampouco nega nen odia o nacionalismo galego, ao Estado de que Galiza forma parte, n-iste caso o Estado hespañol. *Frente* d' il, non *contra* d' il, afirma os dereitos de Galiza. Se *frente* a Castela, o nacionalismo galego significa, nen negación nen odio, senón *difrenciación*, *frente* ao Estado hespañol, significa, nen oposición nen enemiga, senón unha *eisigenza*.

O nacionalismo galego significa en todol-os casos unha afirmación. E compre que teñamos en *contra* que s' o nacionalismo galego ten a reivindicación dos dereitos individuás e coletivos do pobo galego coma parte importante do seu contido, n-il o principal é a afirma-

ción da personalidade trascendental de Galiza, d' esa eisistencia metafiseca que vive por riba e no fondo de todol-os galegos, da que todos participan n-algo, da que xurde toda creación engebrememente galega en calquer orde da vida, e que podemos chamar Alma de Galiza, Genio da Raza, Esprito da Terra, asegún sexan as nosas conceicións n-iste orde.

Non esquezamos que o nacionalismo galego ten un senso espiritual, e que é enantes de toda outra cousa, galeguismo, autoctonismo, *engebrismo*.

\* \* \*

A verba nacionalismo é hoxe entendida en dous sentidos moi diferentes que compre distinguir, e compre manifestar a cal dos dous corresponde o nacionalismo galego.

Hai un nacionalismo que se distingue por dúas características principais: en primeiro lugar sobrepôn o intrés nacional a calquera outra consideración, incluso ás eisixenzas fundamentás do dereito e da justiza; en segundo lugar, procura espander o poder da nación fora do lindeiro das súas fronteiras, impondo a outras nacións a súa domiñanza política e as súas características nacionais. A esta sorte de nacionalismo chamámoslle nacionalismo *agresivo* ou tamén *imperialismo*, e dase nas nacións que forman grandes Estados con forza administrativa e militar.

Hai outro nacionalismo que defende as características nacionais dos pobos, ben sexa no interior, contra das causas de corrupción e decadencia, ben fronte dos Estados que as teñen ou as queren pôr baixo do seu domiño, contra de cuías agresións proclama os dereitos e reivindica a personalidade nacional. A iste, que se dá pol-o xeral nas pequenas nacións que forman parte d' Estados alleos, chamamos nacionalismo *defensivo*.

Ben crar' está que o nacionalismo galego pertence á segunda caste; é un *nacionalismo defensivo*. Efeitivamente, nen pretende impôr en ningún outro país a língoa, nen as costumes, nen as usanzas e creencias de Galiza, nen pôn tampouco o intrés de Galiza por riba do dereito e da justiza. Pol-a contra, o nacionalismo galego, pra defender os dereitos nacionais de Galiza fúndase precisamente nos principios inmorrentes do Dereito Natural, apela en todo instante



aos preceitos universás da justiza superior e eterna.—O nacionalismo galego é de natureza *ético-jurídica*.

\* \* \*

Compre distinguir tamén o nacionalismo galego d' outras cousas con que moitos o confunden ou misturan. Poñamos por caso: o *autonomismo*, o *federalismo*, o separatismo ou *arredismo*. O nacionalismo galego non se pode reducir a unha d' esas cousas, nen se pode confundir con ningunha d' elas. Pode acontecer, certamente, que na orde da actuación políteca, o nacionalismo galego se presente asegún o istante, ou asegún a variedade das orgaizaciós que compartan o seu ideario, unhas veces como autonomista, outras veces como federalista, outras veces como arredista. Mais o nacionalismo galego non é o autonomismo, nen é o federalismo, nen é o arredismo.

O nacionalismo galego é unha doutrina etno cultural e social.

O autonomismo, o federalismo, o arredismo non son máis que *doutrinas polítecas*.

Dende logo, o nacionalismo galego, coma todo outro nacionalismo da súa caste, envolve unha actitude políteca, exprésase de cote, inevitabelmente coma movemento políteco. N-iste suposto, tampouco o nacionalismo galego, coma ningún outro nacionalismo, ten que ser necesariamente autonomista, necesariamente federalista ou necesariamente arredista. Un movemento nacionalista políteco será unha ou outra das tres cousas, asegún as comenencias nacionás e asegún as circunstancias históricas do istante. Pode unha nación precisar ou non a plena independeniza políteca, convirle ou non a unión federal con outras, ou tal outra sorte d' autonomía. Isto depende sempre de feitos concernentes â geografía, â historia, â economía, â psicología dos pobos, etc. Mais non ten que ver coa entranza mesma do nacionalismo.

A políteca do nacionalismo derivase da súa esencia jurídica; ésta é a seguinte: do mesmo xeito que o home individual, pol-o soilo feito de nacer e d' eisistir, ven ao mundo c' un mínemo de dereitos inalienábeles e imprescriptíbeles, inherentes â súa natureza, así tamén unha nación, pol-o mero feito de ter eisistencia histórica, ten un mínimun de dereitos inherentes â súa natureza, e tan sagrados e inviolábeles coma os da persoa individual. En calquer caste

d' unión, máis floxa ou máis estreita, e por estreita que sexa, d' unha nación con outra ou outras, ise mínemo de dereitos ha ser salvagardado e garantido. Con tal que se respeiten ises dereitos, tanto a independenza, coma calquera forma de federación ou d' autonomía, son igualmente legítemas. O que varía, e pode variar co tempo, é a comenencia d' unha ou d' outra.

O nacionalismo políteco consiste na defensa d' ises dereitos na orde da práctica. Coidamos que o Dereito moderno ofrece já, e ha ofrecer ainda máis sortes de combinaciós e formas de unión ou de mútuo entendemento antre naciós, que permitan conciliar os dereitos inalienábeles das naciós, cos intreses dos Estados alleos que n-elas exercen o goberno. En todo caso, sobre da base do recoñecimento da persoalidade nacional e os seus dereitos, todo diálogo é de cote posíbele.

\* \* \*

Mais o nacionalismo non é somentes cousa políteca. En rigor, dende certo punto de vista, a políteca e máis ben un meio que non un fin.

O nacionalismo abrangue total-as manifestaciós da vida nacional, todol-os aspectos do pensamento, do sentir, do saber, do traballo, da tradición e da espresión d' un pobo, todol-os seus bás acugulados pol-a historia e total-as suas arelas e cobizas pra o porvir.

O nacionalismo galego proponse a reconstitución total da vida galega, espiritual, políteca, económica, asegún a sua tradición engebre. É unha verdadeira *restauración*, e tamén unha *restitución*.

O qual indica que ten un senso *tradicional*. Non se trata da cara esterna da tradición, embora esta teña unha importancia imensa. Trátase de precurar a fonte vivente e acochada de toda creación cultural galega. Trátase de revelar a auténtica face de Galiza, encoberta baixo d' unha mimética carantoña de prejuizos importados de terra e de gente allea.

D' onde tiramos, por fin, que o nacionalismo galego é tamén unha *revelación*.

VICENTE RISCO.

## POLIORAMA DA TRIPLE ALIANZA

### Data histórica

O 11 de Setembro de 1923, os nacionalismos peninsulares — catalán, basco e galego — vencendo a vocinglería patrioteira da política e da prensa hispanistas, sellaron en Barcelona, baluarte central do movemento, as bases da «Triple Alianza», e trocaron o seu fervor idealista illado, nun triple apoio mutuo, defensivo e ofensivo, contra da España oficial.

As conferencias da Alianza foron compostas pol-os orgaismos nacionalistas dos tres pobos, sobor de interesantes extremos que constitufron o paito secreto de matiz francamente arredista, e cuio orixinal depositouse en París.

Firmáronno: por *Euzkadi*, «O Partido Nacionalista Basco», cuia representación oficial ostentaban os señores Egileor, Galástegui, Uribe-Etxebaría e Robles Axangiz,

Por *Catalunya*, «Accio Catalana», «Federatio Nacionalista» e «Unio Catalanista», que tiñan por persoeiros a Nicolau d'Olwer, Maciá, Gassols e Rovira y Virgili.

Por *Galicia*, as «Irmandades Nacionalistas Galegas» e as «Irmandades da Fala», a delegación das caes ostentábana Zamora e Alfredo Somoza.

A data que pasó a ser histórica por iste feito, era á sua vez histórica porque conmemoraba a caída de Barcelona naquíl outro 11 de Setembro de 1714. Cataluña concluía cô ila a sua rendición, esvaíndose pol-os camiños da decadencia, e tingufase con un sudario de sangue patriótica. Ficaba en outo o sacrificio dunha figura esgrevia: O «canceller» Casanova. E sobre dela edificaron sempre os cataláns — na conmemoranza anual — unha manifestación de protesta, unha elexía ateigada de xenreiras e de espranzas sobor do punto tráxico, cumiante, decisivo da sua decadencia.

O día consagrouse, pois, doblemente histórico, sinalándose con dous siñificados distintos coma xenerador e proel da causa naciona-

lista. E sobor da estatua de Casanova, na festa do seu aniversario, que era tamén festa de irmandade prás tres Patrias ibéricas, caeu de novo o sangue dos patriotas cataláns. A España doente, corrompida e senilmente ambiciosa sin unha soia razón de orde político, histórico, social, nin siquera de comenencia material que opôr ao anxeio de rexirse por sí mesmas manifestado por Euzkadi, Galicia e Cataluña, finxiu a data do 11 de Setembro con novas letras de sangue.

### Aitos e Discursos

Despois de firmadas as bases da «Triple Alianza» pol-os persoeiros dos orgaños nacionalistas, celebrouse a homenaxe, diante do moimento, a Rafael Casanova, no que interviron representacións da Mancomunidade, da Diputación Provincial, o Concello de Barcelona en Corporación e o de Tarrasa, todol-os Centros catalanistas, os delegados bascos e cataláns. Un público imponente que entonou «Els Segadors» e que logo foi vítima, pol-as entusastas manifestacións de noble patriotismo espresadas de xeito imponente, das cargas ferozes e despiadadas dos lacaios do Goberno.

No banquete ofrecido aos assembleístas, Rovira Virgili protestou contra do Estado hespañolista. Protestou no nome de Cataluña nación. Protestou en nome do seu amor á liberdade das patrias peninsulares. Eguilior e Linzaola refrexaron a voz de Basconia, profanada pol-a política do centro. Somoza e Zamora faloron cō espírito do nacionalismo galego. Nos aitos e nos discursos conmemorativos da perda das liberdades catalanas e da celebración da «Triple Alianza» estaban dibuxadas —en xusta diferenciación— a política do presente e a do porvir: Un réxime estatal corrompido, fracasado e inúteí teimando trocar en desertos estériles as máis fermosas e fecundas vivencias nacionás peninsulares, por meio dunha estrana mentalidade que confunde a política cō esterminio. É o xesto esculpido no novo réxime que anxeiaban dar á Iberia as terras soxuzgadas. Xesto independentista —patriótico é real— conspirante á determinación manifesta das personalidades de Galicia, de Euzkadi e de Cataluña, e ao seu trunfo tanto coma nas esferas superindividuais, nas condicións de recoñecimento universal dos demáis pobos ibéricos e do mundo.

Paralizouse a trascendencia política da «Triple Alianza», ergueita ao seu senso verdadeiro pol-os ataques da prensa hespañolizante, porque ao Goberno de espírito endeble, asustadizo e impotente que dirixía García Prieto, sobreviu o Golpe de Estado de Primo de Rivera, acelerado precisamente, pol-as secuencias que de tal pai-

to fan a derivarse. Marcharon, fuxidos ao estranxeiro, os animadores principás do movemento catalanista e o documento coas bases firmadas da «Triple Alianza», ficóu sin efectividade real, anque vivinte no espírito das xentes e dos orgásmos que as rubricaran.

### Os nacionalismos representados

A Patria éuzkara encarnaba na Asambreia por meio do «Partido nacionalista basco», a obra de ARANA-GOIRI' TAR SABIN: Eisten unha raza e unha nación bascas. Secuente co iste postulado, Euzkadi tén o *dereito natural* a conservar e desenrrolar a súa propia eistencia e persoalidade, nun ambiente de plena liberdade. E concorde coa independencia histórica dos Estados bascos —Araba, Gipuzkoa, Laburdi, Nabara, Zuberoa e Bizcaya— o nacionalismo reclama prá nación basca o *dereito histórico* que lle asiste a herdar a persoalidade adequirida pol-o soio esforzo dos seus antergos, reañudando a súa vida de liberdade no chán patrio multiseccularmente poseído, e reconstituindo os Estados históricos que en plena liberdade enxendróu e que ficaron absorvidos, uns por Francia e outros por Hespaña, a fins do século XVIII e primeira metade do XIX, respectivamente.

A Patria catalana, cuío sentir refrexaban os tres orgásmos nacionalistas que firmaron o paito, decía a historia dos seus evanxeos matriculares: Pedro o Grande e Xaime I; as empresas de Roger de Flor e a entrada dos cataláns no Oriente; os Usatjes e o Consolat del Mar; o Consello do Ciento e a Generalitat; Ausias March, Vives, Raimundo Lulio. E fora diso, do senso histórico, a eistencia natural da nación e a idea xurídica da nación. Sobor da sentencia de Caspe e do atropello de 1714, a vivencia política da teoría nacionalista rexurdida con Prat de la Riba e cos demáis iniciadores. Agora o dereito á liberdade —de novo— integral, que eixe coma punto de partida o exercicio do goberno propio sin ningunha inxerencia estrana, e que é, pra todo pobo conscente de sí mesmo, a salvagarda natural das características nacionás, asín coma o único meio apto pra que poda desenrrolar unha civilización propia e cumprir os destiños reservados pra súa aituación no mundo das culturas.

A Patria galega, que persoificaban a I. N. G. e as Irmandades da Fala, tiña concretado os seus dereitos de nación na historia, na lingua, na xeografía, na economía e na política. Galicia perdeu a súa persoalidade na Frouseira. Foron os Precursores no XIX quen trouxeron alento rexionalistas, esvaídos e inaxeitados —Soio Faraldo—. Vilar Ponte e Vicente Risco explicaron a reconstituición poli-

ca, espiritual i económica de Galicia e comezaron a crear a vontade nacionalista: «O conqwerimento da nosa persoalidade nacional, non é xa pra nós somentes un dereito, é tamén un deber, un deber que temos de cumprir, pra maior gloria de Galicia e do Mundo». O nacionalismo galego tén, pois, unha esencia, unha doutrina e un programa. E os homes animados por aquela esencia; inspirados por isa doutrina e suxetos á disciplina deste programa, constituíen a forza orgaizada que mantén o movemento e que establece a unión coas forzas de Euzkadi e Catalunya pra o mutuo apoio defensivo e ofensivo contra do Poder de Madrí.

### Dez anos despois

Dez anos despois do Paito da Triple Alianza, foi firmado por representantes dos nacionalismos das tres Patrias —encarnados nunha entidade asiñada cō nome de *Galeuzka*— un novo paito secreto, en Compostela, aproveitando o chamado viaxe triangular. E os resultados, comezan na aitualidade, a froitificar. O estatismo unitario inicia o seu derrubamento e cō il a Hespaña de Felipe II e dos Reises Católicos. Euzkadi será unha nación ceibe. As suas raigañas terruñeiras ofrendarán á Humanidade ópimas colleitas. Catalunya, independente baixo o siño dunha cultura, vivirá a sua vida propia, lonxe das tiranías dos gobernos hespañolistas. Valencia ollará a reconstitución do seu fito. Galicia tan rica nas suas posibilidades, tan traballadora, rexurdirá cō concurso das terras irmás de Portugal. Castela será a Hespaña verdadeira que formará unha nación nova e xunguirá pra elo os seus anacos das demais rexións peninsulares. A calidade, a orixinalidade varia das Patrias ibéricas tecerán cō seu ffo de liberdade o auténtico porvîr da Iberia.

E Giménez Caballero chorará, mais as suas bágoas artificiosas, o seu choro cerebral e mórbido será o único funeral da Hespaña perdida, de Austrias e de Borbóns...

FRANCISCO F. DEL RIEGO.

## CATALUÑA E A LEI DE CULTIVOS

Pol-os meios polifecos máis categorizados da Europa anda a seguinte nota oficeosa na que, os nosos amigos cataláns, eispoñen á opinión universal o gravísemo probrema pranteado pol-o goberno hespañol recurriendo ao Tribunal de Garantías en negazón da constitucionalidade da Lei de Cultivos que o Parlamento de Cataluña votou en usanza da súa soberanía e dacordo cos termos da Constitución da República e do Estatuto. Dí así:

O Estatuto de Cataluña, pol-o cal son reguladas as relacións políticas i económicas entre Cataluña i Hespaña, é a fórmula xurídica establecida, dacordo coa nova constitución da República Hespañola, coma unha solución nos nosos tempos do pleito nacional de Cataluña. O Estatuto, acordado despois da Revolución catalana que lle precedeu e da cal se téñ seguido a Revolución hespañola e a proclamación da República téñ, por elo, un valor de paito.

Abondóu que pasaran, aínda non dous anos, pra que, coa entrada no Goberno de Hespaña de partidos infiltrados da vella ideoloxía unitarista, se desfixese escandalosamente a obra de comprensión e de paz mútuas que o Estatuto representa. Nistes dous anos non se téñ aínda efeituado, sinón retardado sistemáticamente, o traspaso dos servicios do Estado Hespañol á Cataluña autónoma, e aínda é a hora que Cataluña non conta coa Facenda propia que, asegún o Estatuto, lle corresponde. Engadido a iste estado de cousas anormal, a resistencia pasiva que opón a burocracia hespañola a todo o que dunha maneira ou doutra se relaciona con Cataluña.

En cousa dun mes téñense acumiado os ataques deliberadamente feitos pol-o Goberno de Hespaña contra das liberdades de Cataluña, coma obedecendo a un plan de conxunto, que permite denunciar universalmente a mala fe hespañola no cumprimento dos paitos de recoñecimento das liberdades de Cataluña.

Pra facer efectivos na práctica os traspasos de servicios do Esta-

do à Generalitat, funcoia unha Comisión Mixta de Traspasos, con delegados hespañoles e cataláns, os acordos da cal, tomados aplicando o Estatuto, son executivos. E decir: que unha vegada establecidos son participados ao Goberno hespañol e ao Goberno catalán, os caes os insertan respectivamente nos seus xornaes oficiaes, precedidos do Decreto que corresponda. Agora ben: nistes derradeiros tempos, a Comisión estableceu as normas e votou *por unanimidade*, o traspaso dos servicios de Radiodifusión. A Generalitat, tal coma era do caso, cumpliu o seu cometido publicando e intervindo deseguida os servicios de Radiodifusión en Cataluña. O Estado hespañol devoltou à Comisión o seu acordo, cò intento de que fose revisado (cosa que obrigou a dimitir a todol-os persoeiros hespañoles por desacordo co seu propio Goberno) e logo presentaba às Cortes unha Lei sobor de radiodifusión coa cal pretende derogar o que o Estatuto preceitúa nista materia. A pesar de que, ningunha Lei ordiaría pode modificar nin a Constitución, nin o Estatuto catalán.

Hai ainda outros agravios que Cataluña pode mostrar, recibidos xa nistes primeiros tempos da autonomía. Tén habido a custión dos Fiscaes municipaes, que, contra todo dereito, porque a ordeación da xusticia municipal otorgouse a Cataluña, quere nomear o Goberno da Hespaña. Ainda máis: Sin miramentos de ningún xeito e choutando por enriba de toda consideración, Hespaña teimou proceder ao nomeamento de persoal burocrático da Generalitat e dar ordes dereitas a subalternos dila dende os ministerios de Madrí. E cando se tratou de repartir antre os exportadores de produtos agrícolas, os continxentes convídos còs Estados extranxeiros, Cataluña, que é a máis grande produtora de froitos prâ exportación, atopouse con unha parte miserable de continxente.

Toda a mala vontade de que deu proba o Estado hespañol contra da autonomía de Cataluña chegou ao cumio, sin embargo a validez da Lei de Contratos de Cultivos, votada pol-o Parlamento de Cataluña, dacordo coas facultades que o Estatuto lle confire pra resolver certos problemas sociaes do campo.

O Goberno hespañol someteu ista Lei ao Tribunal de Garantías Constitucioaes pra que decidise si era constitucional ou non. O Tribunal en troques de estudar si había algún extremo da Lei que infrinxise a Constitución, fallou sinxelamente que cabía anular a Lei porque o Parlamento de Cataluña non tiña competencia pra legislar sobor distas materias, ou sexa, as agrarias e as de Dereito Civil, pesie às facultades que lle recoñece o Estatuto e a Constitución.

Ista ofensiva xèral do Estado hespañol contra Cataluña tivo a



virtude de soerguer a opinión nacional, de tal xeito, que se pode decir sin hipérbole que, hoxe, toda Cataluña está en pé e a sua aitude téñ de producir forzosamente unha recuada do anti-autonomismo hespañol, con todo e cò iso, asegùn como vaian as cousas, un novo esfondamento político pode dar paso a unha situación federal máis franca das nacionalidades peninsulares.

O fronte de defensa nacional catalana vai dende os grupos comunistas aos seitores católicos da «Unió Democrática de Catalunya». Somentes se escluiron os elementos da «Federación Anarquista Ibérica» (F. A. I.) e os da «Lliga Catalana» (denantes «Lliga Regionalista») algunha parte da cal movida pol-a defensa de intereses materiaes dos propietarios ruraes libra unha batalla apaixonada contra da Lei de Contratos de Cultivos.

Decontado que se soupo a sentenza do Tribunal de Garantías, o Parlamento de Cataluña reuniuse o día 12 de Xunio en sesión solemne despois dos discursos do señor Conselleiro de Xusticia, e do Honorable Señor Presidente da Generalitat, señor Luis Companys, votóu outra vegada a mesma lei abolida, coa decisión firme de implantala a toda costa.

O Presidente declarou no seu discurso:

«O Goberno da Generalitat decátase da responsabilidade distes intres, e acepta a posibilidade de que pol-a obcecación dos outros, non a nosa, puidese vir un estado de forza, unha situación influenciada pol-os mesmos sentimentos da caída monarquía borbónica. Creemos nista posibilidade, e admitimos a eventualidade xa difícil, sin embargo admitimos tamén que Cataluña sexa vencida e que nos sexan arrebatadas as nosas liberdades; sin embargo si os que estamos diante perdemos a vida renacerá dun xeito triunfante a nacionalidade catalana».

O mesmo día que o Parlamento de Cataluña votaba outra vegada a Lei que había anulado o Tribunal de Garantías, os deputados cataláns da Esquerra planteaban nas Cortes hespañolas o problema dos ataques ao Estatuto de Cataluña, que é como decir á mesma Constitución da República, e retirábanse das Cortes. Seguidamente, e no meio do estupor da Cámara, os deputados nacionalistas bascos fan constar a solidariedade antre Euzkadi e Catalunya, na loita pol-as suas respectivas liberdades nacionaes e retiráronse tamén da Cámara hespañola.

Istes feitos teñen provocado unha fonda emoción en Cataluña, en Euzkadi i en Hespaña, sobretudo ao constatar a firme decisión do Goberno catalán de mantêr os seus dereitos e de apelar a resolucións

estremas en caso de agresión ou de perigo das liberdades autonómicas de Cataluña.

No intre de redaitar esta nota o gran conflito aínda está en pé. Dende o día 12 de Xunio que o goberno catalán planteou dunha maneira extrema a cuestión, o Goberno de Hespaña non reaccionou aínda. Mais: somella que, a petición do Goberno hespañol entrou en negociacións, sin embargo o Goberno de Cataluña non puido aceptar algunhas solucións propostas por non ser compatibles coa soberanía do Parlamento catalán. A situación non é clara e o problema sigue planteado coa gravidade do primeiro intre.

## DIARIO DE LINHA VIAXE DE NAZONALISTAS. GALEUZCA

---

**E**ISPEDIZONARIO xuntamente con nazonalistas cataláns e bascos por terras de Galiza, Euzkadi e Cataluña, no que diu en chamarse viaxe triangular, tan soado pol-a empresa dende que se fixo púbrica a siñatura do Paito de Compostela, síntome na obriga de pôr en coñecimento dos meus irmáns as incidencias i-emozóns da viaxe talmentes eu as vivín. Teño a certeza de que esta viaxe, deiquí a algún tempo, será lembrada como un dos acontecementos máis transcendentaes no desenrolo dos movementos nazonalistas ibéricos, e non sei resistir à tentazón de deixar pra aquele intre a miña referencia de testigo e protagonista. Veleiquí, pois, as miñas notas tal coal as fun enfiando no camiño. Apreséntoas espidas de literatura e de toda divagazón que non se refira directamente ao propósito, esencialmente polífico, da nosa pelerinaxe.

### 24 xullo.

Batendo os sinos de San Bartolomeu horas de meiodía chegan ao concello de Pontevedra vinte viaxeiros cataláns e nove bascos e con eles Otero Pedrayo que os acompaña dende Ourense. Estamos na sua espera Iglesias Vilarelle, Huesa, Bóveda, Candendo, Criveiro, Xosé Lino, García Vidal, Caramés, Basanta, Bastián González e algúns máis; a par meu os ultreyas Manoel Calveiro (vindo eisprofeso de Noia), Antón Miguez, Henrique González e Vieitez. No salón de sesións o alcalde Bibiano F. Tafall dí verbas de benvida, verbas casteláns, protocolarias, ceremoniosas às que responden Pau Vila pol-os cataláns e Isusi pol-os bascos. Teño a impresión de que esto pode ser a chegada dunha tuna de Salamanca, pro de ningún xeito o saúdo de patriotas de tres nazóns que se entenden. Penso que ningún dos tres ouradores ficóu satisfeito e menos Tafall, sempre intelixente, que agora esquecéuse de que é o presidente da asamblea compostelán pro-Estatuto.

Do concello imos ao local do Partido Galeguista na rua de Te-tuán, onde Alexandre Bóveda os saúda tamén en castelán, cousa que surprende a todos, pois fai o saúdo en nome do consello do Partido. Eu dígolles unhas verbas en galego en nome do consello de Ullfreya. Respóndennos Batista i Roca pol-os cataláns e a Srta. Xulia Urcelay pol-os bascos, en catalán i-en eusquera.

Cada un na sua língoa vivimos intres de verdadeira irmandade. Amostrámoslles os locaes respeitivos e agasallámoslos con postaes, insiñas e pubricazóns de Ullfreya. Convén destacar o discurso da Srta. Urcelay. Dito en eusquera, nunha língoa da que non percebe-mos verba, atinxe o milagre —a voz, o xesto, a fe desta muller sin-gular— de impresioarnos a todos fundamente. Esta bela rapaciña parez que canta, que rí, que chora, que brinca, e o certo é que nos embelica a todos. No decorrer da viaxe comprobéi que nunhas terras e noutras conqueríu sempre o mesmo éisito. Eispréndido tempera-mento de muller!

Logo fumos ao Casino a gostar un koktel e delí ao Palace onde xantamos xuntos. Presidíu Otero Pedrayo e no meio da mesa puxé-ronse as bandeiras dos tres países que Huesa e Caramés procuraron.

En pouco máis de duas horas os viaxeiros ollaron o Museo, Santa María e ruiñas de Santo Domingo e às cinco saímos pra a Toxa, onde se fixo a merenda, convidados pol-os galeguistas de Pon-tevedra, despóis de deternos en Combarro, Raxó e Lanzada. Como supúñamos, este paseo pol-a beira da ría conmovéu aos viaxeiros; dixeron todos que endexamáis ollaran paisaxe máis fermosa. A se-rán é dunha quentura docísima, o mar ten brilos de lóstrego, as so-mas dos piñeiros dan azúes esvaídos e mornos e alá, no lonxe, as cachoupas de Estribela e Loira branquexan coma gaivotas. Pau Vila, un dos máis insiñes xeógrafos cataláns, xa non topa verbas de ga-banza e Renart, o finísimo dibuxante barcelonés, dalle que lle dás no seu blok, parez que quere deseñalo todo.

Por Vilagarcía e Cesures imos a Compostela. En Padrón unha lembranza a nosa Rosalía que semella ficar elí, entre as oliveiras es-curas, no saudoso sagrado de Adina, fúlxida como unha bágoa de Deus.

Esváise o solpor e a noite ten unha deleitosa quietude de santi-dade. A estrada vai acugulada de autos, carros e romeiros —centos de romeiros, coma noutros séculos— e fáise unha algarabía e un es-trondo de festa que embelica. Eu vou encadeirado rente da Srta. Rosa Busquet que me dí poemas de Maragall e de mosén Cinto e canta canzóns nosas adeprendidas na orela mediterrán.

En Compostela están na nosa espera D. Manoel Banet Fontenla,

Casal, Barreiro Salaño, os irmáns Beiras, D. Xesús Carro, Carnero Valenzuela, Castelao, Guerra, Santiso Xirón, Cuadrado, Suárez Picallo, Alonso Ríos, García Suárez e moitos máis. Un bó recibimento. Non hai leito valdeiro nin pousada na que acollerse, e custa moitos traballos acomodar a tanta xente.

Alá pol-as once xuntámonos todos na praza do Hospital pra ollar o fogo, entre unha moitedume imponente. Despóis rubimos ao concello pra cumprimentar ao alcalde Sr. López Pol, que fai honras no Pazo de Raxoi, coma un rexedor dos bons tempos. Logo unha cervexa no café Español onde damos con Eiroa, Maside e Colmeiro e perfilamos con eles unha eisposizón de arte galego en Barcelona, e despóis cada un ao seu niño que son horas andadas e o sono pode con nós.

## **25 Sant-lago.**

Os viaxeiros irmáns andan tolos de ledicia pol-a cidade. Xa viron o Sar, o Pazo de Xelmírez, as Animas, Salomé, o Pórtico e a procisión mitrada a ritmo de botafumeiro e son de chirimías. Compiten a quen eisprese millor o seu contento. Xa diron unhas voltas pol-a Ferradura e falaron cos labregos baixo os carballos céltigos de Santa Susana. Pau Vila leva enchido un mangado de cuartelas, Renart non sei cantos bloks de dibuxo e o basco Irujo, que escribe en libretas coma os turistas ingleses, alá por meia dúcea delas. O venerable Sr. Planas, que foi rexedor da fermosísima vila de Sitges, dirixente da Lliga e gran amigo de Rusiñol, síntese algareiro coma un cativo, e Batista i Roca, que corréu as cidades máis nomeadas do mundo, dí a quen quere escoitalo que endexamáis ollóu recanto máis atrainte que esta vella e sagra cidade nosa.

Dende o concello saímos, en procisión cívica, ao moimento a Rosalía na Ferradura. Diante a banda municipal, logo ultreyas e galeguistas co-a bandeira do noso país que leva Antón Beiras, despóis os gaiteiros, logo bascos e cataláns co-as bandeiras dos seus países, logo centos de patriotas e a final o concello co-as autoridás da cidade.

A carón da estatua forte e improvisado mítin nazonalista. Falan Castelao, Blanco Amor, Suárez Picallo, a Srta. Carmen de Gamarra por Euzkadi, a Srta. Picart e Pau Vila por Cataluña. Ovazóns interminabres, cramorosas, con berros do máis xúrdio arredismo. Algúns incidentes con patrioteiros hespañoes. Na verdade quen díu a nota foi a Srta. Gamarra, valente como as heroínas dos romances.

A Srta. Picart falou cun lirismo fondo e conmovedor. Castelao fixo un discurso eisesivamente literario; Blanco Amor desfollou aínda máis literatura e Pau Vila, brevíssimo, díume a impresión que estaba a lembrarse do seu xefe político Nicolau d' Olver e procuraba restituir o mitin aos termos dun aito compatíbre co-a política do goberno de Madrid: acaso tiña medo que o mitin tivese graves derivazóns ou poidese dexenerar nunha perturbazón de orde público. Este era o primeiro xesto nazonalista na viaxe, a primeira manifestazón política, e por forza tiña de infruir no resto da pelerinaxe. Suárez Picallo mostrou unha vegada máis ser un maravioso ourador de moitedumes, e a Srta. Gamarra sempre destacando a persoaíidade relixiosa de Euzkadi, lostregou un rexo anatema contra a Hespaña que entusiasinou ao público i-enrabiscou ás autoridades que en moi pouco estiveron pra se retirar. A final as xentes apraudiron con bágoas nos ollos o hino galego e fóronse cando a música encomenzou a faguer soar o hino hespañol. Confeso que na miña vida asistín no meu país a un aito nazonalista de tan xurdía sinificazón, e de tanta trascendencia tendo en conta que escoitaron os discursos máis de cinco milloiros de persoas. A empresa non lle adicou moíta importancia e a mesma *Nosa Terra* (órgao dos galeguistas) apenas no seu número de 30 de xullo lle adicou unha reseña breve e incompreta.

Dadas as catro xuntámonos na presidenza do Seminario de Estudos Galegos pra costituir Galeuzca (verba feita co-as primeiras letras do nome de cada un dos tres países).

Pol-a miña parte eu non tiña máis antecedentes que unha carta que me escribira Batista i Roca (data 26 xuño) consultándome o roteiro da viaxe, requerindo pra ela a colaboración de Ulltreya, e ofrecéndome a estudo unhas bases de entendimento internacional que xulguei dende o primeiro intre moi afinadas; os outros penso que estaban nas mesmas condizóns do que eu.

Preside Batista i Roca que lembra a Triple Alianza i-eisprica a xénesis de Galeuzca: a idea xurdiu en Barcelona nunha conversa sua con Monzón (sinificado nazonalista basco); meditouse no percorrer da viaxe dos ouservadores cataláns por Euzkadi; foi estudada por Palestra e consultada con algúns polítecós cataláns (teño a certeza de que o foi con Maciá e Cambó), e formalizouse nun proieito de paito que nos lëu e que algúns de nós conociámos. Este proieito está redaitado en catalán. Primeiramente acordamos:

- a) Que en Galeuzca soiamente interveñan partidos e orgaizazóns con crara tendencia nazonalista,
- b) Que Galeuzca se orgafce de tal xeito que, aínda sobrevivindo en Madrid troques polítecós que fagan imposíbre as labouras púbri-

cas dos nazonalistas, poida continuar sempre os seus traballos encadrada nas leises xeraes da república hespañola.

Eu propuxen a participazón en Galeuzca da Unión Socialista Galega e a orgaizazón dun comité segredo que en calqueira intre poidese labourar con liberdade. Bóveda opúxose a primeira proposta i-eu retiréina; a segunda, a maoría dos presentes xulgáronna innecesaria, ficando a defendela connmigo os representantes de Unió Democrática de Catalunya.

Despois de moito falar, ás nove e corenta da noite concrétase un paito que encomenza:

«Os que embaixo asiñan, axuntados na cidade de Compostela, na serán do Día de Galiza de mil novecentos trinta e tres, en representazón de orgaizazóns nazonalistas de Catalunya, Euzkadi e Galiza, acordan:

1.º «Crear Galeuzca como orgaísmo encarregado das relazóns entre istas tres nazonalidades», etc., etc.

E siñámolo todol-os presentes por este orden:

Batista i Roca e Dr. Girona, de Palestra; Pau Vila, de Acció Catalana; Pich i Salarich e Muñoz Castañer, de Unió Democrática de Catalunya; Dr. Dotxandabarat, Rezola e Isusi, de Euzkadi Buru Batzar; eu, de Ulltreya; Manoel Irujo, de Nabarra Buru Batzar, e Alexandre Bóveda, de Partido Galeguista.

O paito fica escrito en galego e foi redaitado por Bóveda. Cando saímos, todos afervoadamente impresoados, puxemos nas mans dos xornalistas unha nota comunicando o acordo, nota que foi trasmitida no intre aos xornaes de Cataluña, Euzkadi, Galiza e Madrid. Por telégrafo comunicámoslle a nova ao presidente de Cataluña, Maciá. Veleiquí a nota pra os xornalistas:

«Reuníronse en Compostela representantes nazonalistas bascos, cataláns e galegos, co ouxeto de constituir un orgaísmo que axunte con carácter permanente as aitividás patrióticas dos tres países. Acordóuse faguer un segredariado en cada un dos tres países e ter unha confrenza no país basco na primeira quincena de oitubre». A empresa galega publicou esta nota sin comentarios.

Despois de cear e de gostar un cafeciño no Derby fumos todos xuntos a ouvir os sinos da Berenguela na meía noite.

Praza da Quintana, no fío das doce. Noite de néboa con orballo de campía nas pedras. Silenzo, longo e fondo silenzo compostelán. Apertados un contra do outro os nacionalistas das tres patrias andamos a cismar na nova loita que encomenza. De súpeto caen os catro avisos cristaiños e logo a primeira badelada, litúrxica, centearia. Un arrepío centilea en todol-os ollos. Primeiro os cataláns, logo os

bascos e logo nós entoamos o hino das tres terras, e ao final sae de nós todos un vítor à liberdade que resoa alá, na Quintana dos Mortos, cun históreco resoar de históreas.

## 26 xullo.

Erguémonos con moito sono; onte deitámonos casi no abreinte. Vou con Antón Beiras e García Suárez a mercar en Liste unhas cerámicas de Cesures pra agasallar às rapazas cataláns e bascas en nome dos ultreyas de Compostela. En Santo Domingo ouvimos misa rente das campas de Rosalía e Brañas i-escoitamos unha práctica en galego do coengo López Carballeira que fai a peza de oratoria relixiosa máis bela que ouvín na miña vida. Os nazionalistas bascos conmóvense. Pomos un triskele de rousas bermellas na campá de Rosalía e dúceas de nenos debruzan froles por riba das cinsas da morta inesquecible. López Carballeira conquiere na saída da irexa unhas fortes ovazóns.

Sáímos pra a Cruña. Eu vou nun auto con Rezola, Batista, Pau Vila e Irujo. Pau Vila —a final un xeógrafo— soio se intresa pol-a paisaxe e inquire a cofío refrenzas do roteiro; Irujo, intrésase máis pol-os problemas económicos e atuga de apontamentos as suas libretañas.

Detémonos no Carral diante o moimento aos mártires das nosas liberdades. A xente arrodéanos curiosa. Un escolante fáinos cumprimentos.

Avistamos a Cruña. Gabanzas; ledicia. Imos directamente ao cimiterio a debruzar froles nas campas de Pondal, Murguía e Curros.

Na serán paseo pol-a cidade: cidade vella, San Carlos, o Faro... Os galeguistas cruñeses ofrécennos un cap na Terraza, onde nos xuntamos alá por un cento de irmáns. Falamos Víctor Casas, o venerable mestre Luguís e máis eu; as nosas decrarazóns arredistas arrincan longas ovazóns. Respóndennos Xulia Urcelay, Muñoz Castañer, Isusi e Pau Vila que fai unha admirabile síntesis do movemento nazionalista catalán remarcando a sua sinñificazón, nos primeiros tempos, inteleitualista.

No cinema, despois da meia noite, ollamos as fitas que traen os cataláns reseñando as aitividás de Palestra. Non entusiasman aos galeguistas cruñeses, xentes de sinalada tendenza ezquerdista.



## **27 xullo.**

Sáimos pra Betanzos con Prácido Castro e Mosteiro que nos amosan os recantos máis fermosos da antiga vila. Eles fican e nós, por Pontedeume, dirixímonos ao Ferrol, onde chegamos despois da unha sin que ninguén nos agarde.

Estamos a xantar cando aparéz o loitador nazonalista García Pereira e logo unhos concellales a convidarnos pra un foliÓN que se fai en honra dunhos eiscursionistas de Lar Gallego, de Madrid, xentes de calquera parte que veñen pasar un breve vran económeco pol-as noñas cidades. Por unanimidade acórdase non asistir procurando unha disculpa.

Na compañía de García Pereira, Carballo Calero, Valeiro Caramés, Torrente, o insiñe pintor Bello Piñeiro e os irmáns Brañas, imos faguer paseo pol-a ría camiño da Graña. Eiquí é onde con Renart e Bello Piñeiro acordamos faguer unha bandeira pra Galeuzca, a coal bandeira fica acordado que sexa: partida en banda co-as cores da galega, tendo no tercio superior as cores bascas e no inferior as cataláns.

De regreso faguemos un pequeno mitin no Ateneo; falamos Carballo, Irujo, Batista e máis eu, todos na máis rexa ortodosia nazonalista. Asistíu moita xente que, ao que parez, ficóu moi satisfeita.

Telegrafiamos a Valencia onde vai dar comenzo a semán valenzanista.

Ando o máis da noite a pasear e falar con García Pereira en col do Partido Galeguista e coincidimos en que si non acentúa o seu senso nazonalista pode contarse por morto.

## **28 xullo.**

Pouco despóis das sete saímos pra Viveiro onde nos detemos un pouco a conversar con Ramón Villar Ponte, o gran nazonalista, e algúns galeguistas. Alá pol-a unha chegamos a Ribadeo, onde nos agasallan irmáns ultreyas que son eisempro de amabilidade. Orgaízo co Prieto a saída da patria: os autos vanse por Castropol e nós cruzamos a ría nunha motora, na que se arrióu a bandeira da Hespaña pra izar a nosa. Cruzamos a ría cantando os hinos basco, catalán e galego. Na outra banda carabineiros, moita rapazallada e un crego de ollar serodio que nos fita coma unha curuxa. Non embargantes

hastra Luarca percébase unha fonda simpatía pra nós ao decatarse a xente das nosas bandeiras; teño pra mín que esta é unha bisbarra de fácil influencia pra os nazionalistas galegos. En Luarca agarda por nós o auto dos bascos, que saíra diante, e as Srtas. Urcelay e Gamarra regálanme a bandeira de Galeuzca que maxináramos no Ferrol, que elas foron cosendo de camiño e que estrenaréi en Euzkadi.

Qué impresións leva esta xente do meu país? No aspecto turístico maraviosas: dou por certo que na vida ollaron paisaxes máis fermosas nin perspectivas máis belas. No aspecto económico pensan que somos un país probe, cheo de posibilidades, pro nun retraso lamentable. No aspecto político pensan que o temos todo por faguer e que non imos por bó camiño, pois o galeguismo, asegúñ coidan, non procura o contaíto co-as masas e a súa conquista, sinón que se pecha en castelos de marfín outamente categorizados pol-a intelectualidade, pro afastado do terreo das loitas cotidiáns. Unánimemente os expedicionarios vese que sinten fonda estima por Otero e certo respecto por Bóveda que lles díu a impresión de sere un bó organizador aínda que non o político que percisa a galeguidade; os bascos falan algunha vegada de Castelao con refrenza à súa amizade con Aguirre, e ningún se lembra de Risco que pra mín é o espírito máis rexo do nazionalismo. A lembranza de Compostela asoballa total-as outras lembranzas de terras, cidades e hourizontes, e o convivio co-as mocidades sulaga e desdibuxa o perfín dos nosos homes. A coíto este comentario: estes mozos son os que teñen de refaguer o galeguismo. Teño pra mín que levan a impresión de que os agrupamentos galeguistas son cousa esí como os antigos ateneos provinciana, bons pra xuntar artistas, poetas i-eruditos, mais ausolutamente desartellados dos movementos xeraes da opinión e alleos às verdadeiras preocupazóns do intre: aición revoluzionaria, problemas económicos, influencia no operariado, etc. Na millor oportunidade non víron xuntos a máis de trinta galeguistas do partido.

Alá imos pol-a estrada asturián. Sono, tristura, saudade. Pecho os ollos; acóndo dadas as oito; perto das nove e meia chegamos a Xixón con tempo pra ouvir estoupar unha bomba que os anarquistas puxeron rente ao club de Regatas, faguendo un estrondo que arrepa à cidade. En Xixón ceamos e durmimos no Hotel Asturias, que apenas ten xente.

No café converso longamente con Manoel Irujo que me dí que o problema de resolución máis urxente pra o galeguismo é o ingreso na seición de minorías da Sociedade de Nacións, onde temos de concurrir pra a asamblea de setembro. Esto —dime— suporía darlle ao galeguismo unha categoría internazonal e conquistar unha posición

ventaxosa pra o día de mañán; por outra o ingreso está garantido despóis do viaxe pol-o noso país de Mr. Amende e co informe e rapors das delegazóns basca e catalán. Dacordo.

No meu coarto longas parrafadas con Batista i Roca que me impón en certos antecedentes do basquismo.

## **29 xullo.**

Os cataláns vanse no seu autobús; eu parto no auto dos bascos que denantes da saída aínda teñen non sei cantas dúceas de confrenzas telefónicas con Bilbao: estas xentes repárase que teñen moitos cartos e sábenos aproveitar ben nunha orgaizazón en todol-os aspeitos perfecta. Coitados de nós que aínda estamos coma no 1918 e aínda non puidemos xuntar corenta pesos.

As dez arrincamos e xuntámonos en San Vicente de la Barquera pra xantar cos cataláns. Hotel que me parez un leilón de Lisboa; moitas antiguidades e cousas máis ou menos vellas que soio lles falla ter unha carteleira co prezo en libras.

Cobas de Altamira e Santillana do Mar. Denantes das sete chegamos a Castro Urdiales. Os cataláns sinten a súa morriña; os bascos non calan a súa inquietude xa nas portas do casal. Irujo fala en euskera cun limpiabotas peisán —e nazonalista tamén— que goza ollando as nosas bandeiras entre os casteláns. Pasan unhos persoaxes socialistas de Bilbao que nos ollan receosos; Isusi conóceos e fala con eles; sospeitamos que teremos incidentes denantes da chegada. Agardamos non sei a qué pra sair. As xentes que pasan rente de nós ollan con antipatía as bandeiras dependuradas nos nosos autos e dñ non sei qué contra os separatistas. Rezola fala co Euzkadi Buru Batzar e dadas as oito saímos pra Bilbao.

Entramos con noite na fronteira basca. Na estrada, à man esquerda, un belo e forte casal de pedra que ten xeito de alfándega onde agardan por nós comisións e persoaxes nazonalistas. Saídos breves.

En Somorrostro agárdanos unha ovazón enorme. Acougamos no Batxoki, invadido de xente. Cando voltamos aos autos goras a Euzkadi Eskatuta, a bandeira bicrucifera en outo, que conquiren unha bárbara intervención da policía con algunhas detenzóns. Protestamos delas; como si non. Os deputados Bastarrexea i-Estelrich falan cos oficiaes pro tampouco conquiren ren. Confrenzas telefónicas co gobernador; como si tal cousa. Está visto que na viaxe teñen de abondar estas festas; pronosticóumo Batista e acerta.

Outro acougo no batxoki de Santurce, estupendamente orgaiza-

do: cociña pra parados, delegazóns de *Solidaridad de Obreros Vascos*, segredaria de Emakumes (mulleres nazionalistas), etc. Entre os milleiros de mulleres, homes e rapaces que agardan por nós o ledo saúdo de Haide de Aguirre, muller intresantísima de estraordinarios merecimentos. Estóu fondamente conmovido.

Bilbao. Hotel Arana. Xantar na intimidade. Longa conversa con Isusi, Rezola, Irujo e Dotxandabarat. Non sinto a máis pequena fadiga. Déitome máis das tres horas encheito de espranzas e ledizas.

### 30 xullo.

Sáímos dadas as dez pra o batxoki de Ondarreta. Correspóndeme ire no auto do presidente das xuntas municipaes D. Lois de Arbeloa (Arbeloá Tár Koldobika) que me vai documentando en col do movemento nazionalista de Euzkadi; é un vellote rexo, de afervoado patriotismo, que foi moi amigo de Arana e compuxo no primeiro movemento dos restauradores. Leva sempre posta a esvástica no ollo da solapa, fala o eusquera perfectamente e loce uns cartóns de visita co-a bandeira nazionalista en cores. Fai corenta e un anos que milita no nazionalismo: dende os 13 da súa vida, cando era estudante e se escoitaban pol-o país os primeiros morras à Hespaña. Eran os tempos heroicos e guerreiros. Cativa este home pequeno, miúdo, que aperta os dentes ao falar de Castela, sempre infantil e xeneroso e soio enrabexado cando lle nomean a terra escravizadora; este homiño que semella pol-o feito un coitado mercader pro que na súa ollada leva lumes de caudilaxe, e a quen todos reverenzan nun sagro e ancestral senso de xerarquía. Dime que no xuntoiro de Bilbao falan basco o corenta ou cincoenta por cento dos nazionalistas. Na xuventude basca, que depende da xunta que ele rexenta, díronse este curso trinta aulas de língoa con máis de 3.500 alumnos, e percísase ter en conta que a Diputazón sostén dúas cadeiras de idioma pol-a súa conta. Dime tamén que en Bilbao máis do oitenta por cento da poboazón é de raza basca e o cincoenta a sesenta da poboazón é sinaladamente nazionalista. Cóntame que o partido é oficialmente confesional, católico; que ten seus maores nemigos nos carlistas; que os que non son bascos non poden ter nele representazón de autoridade e que o sesenta a setenta por cento dos iscritos non chegan aos trinta anos. Na xunta municipal están vinculados:

Os gastechus — (cativos hastra os dazaseis anos).

Os mendigochales — (orgaizazóns de eiscursionismo onde se fai o verdadeiro eisército nazionalista).

As emakumes — (mulleres basquistas).

A solidaridade de obreiros bascos — (orgaizazón proletaria controlada pol-o partido).

As xuventudes e o partido propiamente dito.

Todas estas orgaizazóns axúntanse nos Batxokis ou casaes de patriotas.

A figura máis respetable dime que é D. Lois de Arana Goiri, irmán do patriarca.

Os mitins poden orgaizalos calesqueira agrupamentos, pro comunicándollo á xunta municipal, pois sin o seu consentimento ren se pode faguer. Esta xunta é a autoridade suprema na súa xurisdición, e ollai que pra os bascos o conceito de autoridade mantense como en ningún país do mundo.

Dime que o núcleo máis forte do nazonalismo é o bairro das *Sete Rúas*, e o bairro máis hespañolizado o de San Francisco, onde moran todol-os maquetos (eistranxeiros).

En Bilbao predomíña no partido a crase meia e dentro dele as xentes máis modestas.

No batxoki de Ondarreta, ledo, mariñeiro, encantador, están na nosa espera unhas dúceas de rapaces que cantan na nosa chegada o *Agur Jaunak*, fermosísima canzón de saúdo pra os venerabres, que resoa con grande solenidade.

Logo imos ao batxoki de Algorta, todo encheito de alocuzóns patriótecas, bandeiras e retratos dos persoaxes da causa. Uns nenos cantan unha maraviosa canzón que dí:

Erguéivos, erguéivos bascos!  
logo ten de chegar o día.  
Safu xa pol-o abreinte  
unha luz doce e soave,  
e por diante dela, fuxitiva,  
váise a escuridade.

Como nos batxokis que levamos complimentado, ouséquiannos con doces e viños. Cántase a cotío. De súpeto, D. Lois —o San Marcos destes evanxéus— encomenza unha canzón que pon fogo en todol-os ollos. *Ere aberrí, Iaztarrá...!* Cántana todos como si fosen a sere afusilados. Como se canta en eusquera eu non sei o que dí, mais teño a impresión que os conmove hastra o cerne. Logo Don Lois fáime a traduzón:

Miña coitada Pátrea  
caíches baixo a pouta do eistranxeiro.  
Fora millor a morte!  
Das tuas montañas ascendían denantes  
ledos ofrecimentos ao ceo;  
agora co-a invasón  
hastra o vento enchéuse de maldizóns.  
Porqué non te morriches, miña Pátrea?

No Hotel Egúa dánnos un xantar; dou por certo que a Sociedade das Nazóns non-os gostou millores. A festa fáise nos xardíns, fronte ao mar, cun tempo deleitoso de primavera. Ao gostar o xampana falamos, entre ovazóns apaixonadas, Batista i Roca, a señorita Urcelay, Irujo e máis eu. Gardo o menú asiñado pol-os presentes.

A final chega un fato de mociños espatadanzis. Nótase que estamos no bairro máis aristocrático de Bilbao: son mozos elegantes, moi ben postos, de liñas fidalgas e xentís. Olo por vez primeira na miña vida as antergas danzas desta raza úneca na terra. Primeiro o baile cos paus, logo un líder soavísimo, que ten cheiros de val de conto; logo unha danza de fitas moi semellante á dos nosos danzantes de Allariz e a final ese fondo poema racial que remata cando os seis bailadores collen ao xefe da coadrilla que se fai morto, e ofrécenno ao ceo ergueito nos seus brazos rexos como mastros, brillantes como a espuma das ondas, fúlidos como o arrebol. Confeso que rompín a chorar como un neno. Emozón como esta non-a volta-rei a gozar na miña vida.

Sámos pra Bermeo, por esta estrada xa histórica onde fai ben pouco tempo máis de dez mil cidadáns deteñon ao automóvel en que viaxaba o presidente da Hespaña botándolle nos ouvidos, a puñadas, este argumento que lle dixo un vello pescantín:

—Vosa Eiscelenza está a ver que con escolta e sin escolta podíamos matalo. Segá en paz seu camiño. Mais vexa, e non esqueza endexamáis, como as xentes de Euzkadi maldicen da Hespaña e amostan seu desexo de liberdade.

E presidente e ministros continuaron calados e tiveron que zugar seu ridículo os policías forasteiros.

Detémonos no refuxio de Solube ollando unha paisaxe fermosísima. Logo en Bermeo onde máis de catro milleiros de persoas saúdannos con vítores, arrodeando nosos carruaxes e purrando por apertarnos as mans. Detémonos logo uns intres en Mundaka, onde os veciños todos estoupan nun cramor de patriotismo. Logo imos a

Sukarrieta, aldeíña pequena, onde se gardan as cinsas de Sabino Arana.

O pobo enteiro arrodeia o cemeterio no que soio entramos as representazóns, e nenas e nenos con traxes nazonaes. Na porta da capela, pequena como a dos nosos sagrados aldeáns, unha lousa sinxelísima dí en eusquera que eiquí repousa o restaurador. Fáise un longo silencio arrepiante. O insiñe D. Lois de Arbeloa, con bágoas nos ollos, dí non sei qué en lembranza do patricio. O diputado catalán da Esquerda, Riera Puntí fala, tamén na súa língoa, en honra e gloria do morto inesquecible. Por Galiza digo eu en galego unhas verbas, e son o primeiro conmovido.

Rexistro unha anéidota curiosa. Este cemeterio arrodeado de outa muradela, ten enriba da porta o fuste dunha cruz que foi crebada o 14 de abril. Cando saímos, baixo arcos de froles que entreteceron as fiandeiras, deféñome un intre con dúas nenas e pergúntolles:

—E vos, sodes hespañolas?

Ollanme con rencor e receio, e dínme de súpeto:

—Non seor.

—¿Por qué?

A máis nena, sen vacilazóns, responde amostrando a porta:

—Porque os hespañoes son os que rompen as cruces.

I-eu vexo, no fondo da resposta, hastra a incompatibilidade relixiosa desta raza co-as xentes da Hespaña.

Logo a Guernika, onde agarda tamén unha moitedume. Catro pillabáns carlistas dan un *viva España* e por pouco son esmagados a poutadas; é o berro de loita por que a cofío encomenzan os morras ao invasor, os gora Euzkadi Eskatuta, e un estrondo de mil díaños. Si agora saíse a guarda cevil dou por descontado que a debullaban.

A Casa das Xuntas, ampla, solemne, tradizional, non é con todo o que máis me conmove desta viaxe. Seméllame —e descúlpese unha nova sinxeleza das miñas anotazóns— un monumento máis pra turistas. No álbum escribo estas liñas:

«Euzkadi: pátreia irmán da miña; irmán na dor, na mágoa, na escravitude. Que cando volte a ti te encontre xa ceibe, soberán dos teus destíños, a camiñar leda e xurdía pol-os limpos roteiros da tua histórica que a Hespaña —bárbara— crebóu».

Xa ben de noite voltamos a Bilbao. Despóis de ceiar imos a unha festa que nos ofrece a Xuventude Basca, onde centos e centos de mozos loitan por comprimentarnos, pedirnos retratos, autógrafos, lembranzas... Escoito cancións fermosísimas que levan séculos a rodar por estas xenerazóns de hérois de lenda. Conozo a Federico de Eugarriza, un rapaz de vintecatros anos que ficóu cego pol-o tiro dun

monárquico nas eleicións do 12 de abril. Era dependente de comercio e ao ficar inútil os patriotas xuntáronlle nunha semán 50.000 pesetas e delas vive. Veleiquí un pobo que sinte esa verba que aínda nós non comprendemos: solidaridade.

Xuntanza de Galeuzca no casal das Xuntas Municipaes, porque o E. B. B. está fechado pol-a policía dende onte. Unha xentileza máis do representante do Goberno hespañol. A xuntanza conversa dende a meia noite hastra as catro da mañán.

Presídea Dotxandabarat —presidente do E. B. B.— que se senta con Isusi, Rezola, Izaurrieta e Villalabeitia. En roda dunha longa mesa estamos: Pau Pila (Acció Catalana), Estelrich (Lliga Rexionalista), Batista i Roca e Dr. Xirona (Palestra), Riera Punti (Ezquerria Catalana), Carrasco Formiguera e Muñoz Castañer (Unió Democrática de Catalunya), Perea (Acción Vasca), e R. Azcúe, Arbeloa, Leizaola, Ruiz del Castaño e Olabarría por Euzkadi, máis Ramón Goñi e Irujo por Nabarra i-eu por Galiza.

Izaurrieta saúdanos e require a Batista pra que fale. Este espón a xénese do páito tal coal fixo en Compostela e conta o que pasou na nosa capitalidade. Perea, Estelrich e Riera Punti dñ que Acción Vasca, Lliga i-Ezquerria asinarán satisfetísimas o páito. Estelrich propón que onde dí: *propaganda internazonal* se lle engada e *aizón internazonal*. Discúteo Izaurrieta.

Carrasco propón que se sinale un prazo de quince días, a contar dende oxe, pra que os partidos e orgaizazóns ratifiquen o páito, e que agora se redaite por mñ un aita adizional pra que sexa asinada por Riera, Estelrich e Perea. Adírese Izaurrieta, i-eu, co-a emozón que é de supor, redaito en galego a aita complementaria.

Estelrich dí que non se poña *páito*, sinón *aita*, e Carrasco sostén o meu punto de vista e redazón. Discutimos, en certo intre, apaixonadamente. Carrasco, Isusi e máis eu mostrámonos intransixentes: un aita non supón acordo, e o feito imprica acordo e compromiso. Dñnos que esto non se pode dar namentras non falen definitivamente os partidos. Respondemos que éstos en principio amostan a súa conformidade posto que *pra un páito* enviaron aos seus representantes e por outra, nós xa estamos ligados persoalmente a unha aizón conxunta aínda que as nosas orgaizazóns e partidos acordasen non suscribere o páito de Compostela. Pau Vila e Muñoz adírense a nosa tesis. Asinamos todos:

«Na vila de Bilbao, do país Euzkadi, a trinta e un de xullo de 1933, xúntanse os siñantes da aita de Compostela co-a finalidade de dar conta das súas xestións às representazóns de Euzkadi e Catalunya que non poideron concurrir à devandita conversa e lérilles o



orixinal da aita asiñada. Asisten todol-os seus asiñantes co-a eisceición dos seores Alexandre Bóveda i-Esteban de Isusi. Por unanimidade acórdase modificar o apartado D do artigo 2.º neste senso:

D) A propaganda e aizón internazonal nos asuntos que atingan às tres nazonalidades.

Tamén por unanimidade acórdase fixar nun mes, a decorrer dende esta data, o prazo no que os partidos e orgaizazóns dos tres países teñen de ratificar a siñatura dos seus representantes.

Os seores Joan Estelrich de Lliga Catalana, Dr. Josep Riera i Puntí de Esquerra Republicana de Catalunya, D. Andrés Perea de Acción Nacionalista Vasca e D. Manuel Carrasco Formiguera de Unió Democrática de Catalunya, manifestan a súa adhesión às bases do citado acordo e todol-os asiñantes a súa conformidade às modificacións consiñadas nesta aita».

Confeso que o máis receoso —o úneco— e menos afervoado, foi o seor representante da Lliga. Eiscesivamente políteco e diplomático.

Estelrich pide que Galiza estexa representada no próisimo xuntoiro de minorías da S. de N. Respóndolle dando conta da nosa situación e prometendo transmitir os desexos desta xuntanza, en tal senso, ao Partido Galeguista. Veleiqué a preocupazón de todos estes irmáns: que Galiza estexa en Xinebra.

Batista i Roca fai lectura dun manifesto que os maores prestixios inteleituales e polítecos de Cataluña tenzonan publicar en homenaxe ao País Basco. Leizaola e Rezola, agradécenllo. E con esto finóu a xuntanza, os bascos e máis eu non moi satisfeitos por non ter podido chegar a acordos i-espresións máis radicaes. Na nosa arela soio nos acompañóu Unió Democrática.

Dotxandabarat e Goñi lévanme a gostar unha cervexa no úneco bar aberto a estas horas no bairro, o *Madrileño*, que ten cheiros de tupi non moi recomendabre.

### **31 xullo.**

Aparéz Otero Pedrayo que chega de Donostia. Qué ledicial! Era eu soio a representar aos nazionalistas galegos i-en verdade que as máis das veces, sentíndome sempre inferior à representazón, chegué a ter angurias de non podere soportar a responsabilidade. Por qué non están eiquí, e por qué non viñeron comigo na viaxe, Castelao e Suárez Picallo? Aínda hoxe non-o sei. Penso que o Partido Galeguista non se díu conta da trascendencia desta viaxe.

A cidade, na festa nazonal de S. Iñacio, aparéz conmovida, bri-

lante de bandeiras e músicas. Misa en Begoña. A írexa acugulada de xentes; nós encadeirados no presbiterio co-as autoridades nazionalistas bascas. Fala un frade en eusquera longo sermón que non entendo. Ambiente de amplas suntuosidades. A final o pobo en pé canta o hino ao santo máis basco do Paraíso.

Na saída, entre as ovazóns da moitedume, unha aberta longa que me pon bágoas nos ollos: é Ribas, meu compañeiro de reximento no Marrocos, agora xa casado, casi tan vello coma eu, con dous fillos mocíños da man traxeados no vello feiño da terra. Ribas é un valente loitador nos eisércitos arredistas. Non nos víramos dende o 1922 e lembramos, aínda con raiba, todo o visto e vivido n-aqueles tempos de vergoña.


Arrodeados de xente imos à cárcel de Larriñaga a cumprimentar aos presos nazionalistas. Hoxe, en comparanza con outros tempos, hai poucos detidos. Son:

Víctor Alonso-Artzuaga, de Bilbao, cumprindo.  
Pío de Maidagan, de íd., íd.  
Victo de Santamaria-Esnaritzaga, de íd., íd.  
Daniel de Lagardan, de íd., íd.  
Esteban de Astoreka, de Bermeo, íd.  
Domingo de Urkullu, de Barakaldo, íd.  
Eusebio de Uranga, de Sopuerta, suxeto a proceso.  
Leonardo de Agirebeitia, de Asua, íd.  
Cándido de Azpitarte, de íd., íd.  
José Castelao-Aldai, de íd., íd.  
Tiburcio de Zárate, de Zamudio, íd.  
Fernando de Orueta, de Usansolo, íd.  
Valeriano de Amuritzza, de íd., íd.  
Pablo de Bernaola, de íd., íd.  
Jesús de Altuna, de íd., íd.  
Felipe de Yurebaso, de íd., íd.  
Miguel de Garai, de íd., íd.  
Sabín de Amuritzza, de íd., íd.  
Ioseba de Zenaruzabeitia, de Bedía, íd.  
Pascual Alonso-Fullaondo (de A. N. V.), de Barakaldo, íd.  
Balbino Soto (íd.), de íd., íd.  
Juan de Berasategi (íd.), de íd., íd.  
Teodoro de Etxebaria (íd.), de íd., íd.  
Luis Vasquez-Matza (íd.), de íd., íd.  
Pedro Gómez-Pérez (íd.), de íd., íd.  
José de Ayarzagüena, de Bilbao, íd.  
Sabín de Jauregi, de Kastrexana, íd.

Duxetos de arte

Vaixillas de todas crases


★

Casa 

MARIÑO

Oliva, 11  
e Sarmento, 3

PONTEVEDRA



MOBLES ESTILO ESPAÑOL

★

J. LISTE NAVEIRA

RUA DO VILLAR, 25  
SANTIAGO

---

---

Mercade sempre as Conservas

MASSÓ

---

Sardiñas

Anchoas

Mexillóns



As mellores do mundo



# LINO

## CAMISERÍA

Huérfanas, 1  
SANTIAGO

TODOS OS ENFERMOS  
QUE TOMAN

### VIÑO TOSTADO

## “TERRIÑA”

DEIXAN DE SELO

VENTA:

### CASA LOZANO

Preguntoiro, 25  
SANTIAGO

# CAFÉ DERBY

HUÉRFANAS, 29

## SANTIAGO

Propietario:

Avelino San Luis Vázquez

ONDE SE GOSTA

O MILLOR CAFÉ

:: DA CIDADE ::

Pra artigos

de coiro, viaxe i-esport

ninguén como

### TALABARTEIRÍA

## VEIGA

Senra, 9

Santiago